

A INESPERADA VISITA DUNHA ACRÓBATA: A SALMANTESA

(CONTOS DO TIO-VIVO)

Pepe Salvadores



Exemplar xuvenil capturado nunha panadería do Barco de Valdeorras (decembro 2009).

Por razóns laborais desprazáronme a Valdeorras, e alí descubrín o Mediterráneo; non o *mare nostrum*, senón a rexión bioclimática que define unha parte do noso País.

Nesa xeografía, onde dixeron que acababa Galiza e fixeron fronteira, chove o xusto, o monte ule diferente ao que ten influencias atlánticas e hai fauna e flora particulares. E neste fin de verán e primeiros de outono, extremo en calores, con falta de auga que engorde as castañas, boteime con ansia a esta natureza singular e perdinme entre tanta diversidade de plantas e bichos.

Gocei ao escoitar falar da vendima, de mencias, garnachas e godellos. Sorprendeume o monte adornado de milleiros de froitos vermellos das roseiras bravas e gocei do arrecendo das estevas que todo o impregnan e poñen no ambiente un toque oriental.

Vin, en moi pouco tempo, entre outras cousas, a achicoria, o osiris, o abondoso e venenoso trobisco, as garzas, os corvos mariños, os lagartos, e, aínda, para a miña fascinación, en compañía de Chavi, observamos os esquivos sapoconchos nas pozas do Sil. Tamén escoitei contos graciosos do desaparecido lobo e probei os froitos da zona que xenerosamente me ofreceron.

A pesar de tanta descuberta e satisfacción, eu, que sempre tiven xente ao meu carón, tiña unha pequena pena por ter que estar só no ático que aluguei.

Pero xa na primeira noite que pasei en solitario, ao saír á pequena terraza para gozar do fresco, da lúa e das estrelas, vin que tiña compañía: un ser fuxidío moveuse polo tabique vertical e, nun instante, situouse invertido no saínte do tellado. Non había luz dabondo máis que para distinguir un pequeno réptil. Entrei para coller a cámara de fotos e poder iluminalo co flash. Entre tanto, discorría e pensaba que non podía ser outra cousa que a exótica, e nunca por min vista en liberdade, salmantesa (*Tarentola mauritanica*). E así foi.

Da salmantesa (tamén "osga" en galego), só gardaba un esvaído recordo do que contaba a miña avoa de cando vivira en Murcia. Decía que alí, nas casas, convivían cun réptil abondoso e que os veciños tiñano como normal compañeiro que limpaba a casa de insectos.

Pensaba eu que por aquí non habitaba ou que a súa presenza era escasísima. A miña sorpresa foi enorme cando na terraza da casa do Barco topei con ela; comprobei a súa presenza despois de tirarlle a foto e aumentar na cámara a súa figura.

O retrato era deficiente, pero non había dúbida: tiña todos os atributos da salmantesa. O seu corpo imita moito ao dunha lagartixa, pero é máis rechonchudo. Ten ollos grandes e prominentes, e o corpo adornado de debuxos escuros sobre fondo crema; sobresáenlle esca-

mas do corpo e da cola con forma de espiñas. Pero a característica que a fai máis inconfundíbel e a dos dedos acabados en pequenos discos, provistos estes de laminiñas e cerdas microscópicas que funcionan como almofadiñas succionadoras que lles permiten agatuñar cabeza a baixo e por calquera superficie, nin os vidros se lles resisten. Sempre que se fala deste réptil faise mención a estas habilidades.

As salmantesas son territoriais. Cazan insectos e son activas ao anoitecer e pola noite. As femias poñen os ovos a finais da primavera. O apareamento ten lugar ao inicio da estación que é cando, segundo din, se pode escoitar a voz clara e metálica dos machos pola tarde e a primeira hora da noite.

Por último, subliñar que na espléndida Guía de réptiles e anfibios de Pedro Galán e Gustavo Fernández (Xerais, 1993), afirmase que só teñen dúas citas de salmantesas en Galiza. Pero Pepa indicoume que tamén tiñan aparecido na casa da súa irmá. E no mes de decembro, a rapaza da panadería onde merco o pan amosoume desconcertada un exemplar xuvenil que acababa de atrapar no establecemento. Pode, xa que logo, que esteamos ante un claro exemplo dunha especie en expansión.

Será o cambio climático o que trae estes simpáticos e antropofílicos animais cara ao Norte? De ser así, a mensaxe da súa presenza non sería nada positiva. Polo momento, eu prefiro pensar que se atopa a gusto en terras de Valdeorras.



Exemplar adulto de salmantesa na parede dunha vivenda no Barco (outubro 2009).